



Antiga fábrica de salga no Carreiro

Marcas e sinais sendeiristas no percorrido



Sinal de continuidade, que indica o camiño correcto.



Dirección trabucada. Indica que o camiño non se debe coller.



Cambio de dirección. Indica un xiro á dereita ou á esquerda no sentido da marcha.



Sinal nunha derivación, é dicir un camiño de ida e volta dende a ruta principal.

**PR-G
115**

Baliza, que permite identificar o tipo e o número do sendeiro.



Concello do Grove

Concellería de Seguridade Cidadá,
Deportes e Limpeza



A ruta de Adro Vello percorre un lugar que abrangue dende a Galicia rural, ata praias de augas cristalinas e de area fina e branca, pasando por antigas fábricas de salga, ou polos achados arqueolóxicos que lle dan nome.

Este itinerario é dun gran valor medioambiental e pertence, na maior parte do seu percorrido, á zona protexida da Rede Natura 2000.

É unha ruta chea de historia, na que atoparemos as antigas salgadeiras, fonte de riqueza e traballo do pobo durante séculos, e os restos arqueolóxicos de Adro Vello, situados a tan só 3 metros sobre o nivel do mar e no bordo da praia do Carreiro. Aquí a escavación mostrou, en capas superpostas, unha vila romana na que se atoparon vestixios de salgadura de peixe, unha necrópole, a planta dunha igrexa visigótica, e elementos dunha fortificación da Baixa Idade Media que servía de protección ante posibles agresores que chegasen por mar.

A primitiva igrexa, debido aos frecuentes saqueos de piratas e aos golpes de mar, foi trasladada no s.XVIII a un lugar máis seguro, que é o que ocupa actualmente o templo de San Vicente.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE



Proxectos subvencionados ao abeiro das axudas de apoio e accións na Rede Natura 2000.



**PR-G 115
Adro Vello
Lembranzas da Historia**

Ruta homologada en 2009

Deseño: SEGATUR S.L. - Telf. 886 11 70 11 - www.segatur.com



Concello do Grove

**PR-G
115**

GALICIA


Adro Vello - Lembranzas da Historia




Ruta sinalizada



1 mapa do percorrido
escala 1:8700





Lenda

-  **Inicios da ruta PR-G 115**
Adro Vello - Lembranzas da Historia
-  **Ruta sendeirista**
-  **Estrada principal**

Datos de interese

Concello do Grove: Telf. 986 730 975
www.turismogrove.com
www.concellodogrove.com

Emerxencias: Telf. **112** SOS-Galicia

MIDE PR-G 115 Ruta de Adro Vello - Lembranzas da Historia Concello do Grove			
	horario	1h 15min	 1 severidade do medio natural
	desnivel de subida	33 m	 2 orientación no itinerario
	desnivel de baixada	70 m	 1 dificultade no desprazamento
	distancia horizontal	3'1 km	 1 cantidade de esforzo necesario
	tipo de percorrido	lineal	
Paso obrigado preto do mar: Atención nenos. Condicións de verán: Tempo estimado segundo criterios MIDE, sen paradas.			
PR-G 115 Mapas IGN 1:25.000: 184-II			

Máis información: www.euromide.info

Pódese descargar gratuitamente o percorrido desta ruta para GPS nas páxinas
 web: www.turismogrove.com e www.segatur.com

A Salgadeira da praia da Barcela

O poder conservante do sal sobre os alimentos frescos foi descuberto na Idade do Ferro. Os fenicios trouxeron ata estas terras a arte de salgar o peixe.

Os romanos, grandes apreciadores dos froitos dos nosos mares, promoveron este método de conservación co transporte de peixe e marisco ao resto do Imperio.

Ata o século XVIII a salga era un labor artesanal. As familias salgaban a sardiña nos seus fogares, mantendo o gusto natural deste peixe. A chegada dos fomentadores cataláns transformou un traballo familiar nunha industria.

Os cataláns situaron as súas factorías en enseadas abrigadas coa finalidade de ter un fácil acceso ás embarcacións de pesca.

Cos cataláns chegou a xávega, unha arte de pesca de orixe árabe, coa que non podían competir as artes tradicionais. Este método aumentou o consumo de sal, incrementando a recadación que a Facenda Pública obtiña do “ouro branco”.

Dende finais do século XVIII ata mediados do XIX os almacéns de salga marcaron a economía na ría de Arousa, convertendo os pescadores en asalariados.

O proceso da salga perde forza a finais do século XIX, deixando o camiño aberto a unha industria moi próspera nestas terras: as conserveiras.



Salgadeira da Barcela